


Núm 105

Tomo 9.º

**nóſ**





BOLETÍN MENSUAL  
da  
CULTURA GALEGA

Direitor Literario  
**Vicente Risco**

Direitor Artístico  
**Alfonso R. Castelao**

Administrador  
**ANXEL CASAL**

DIRECCIÓN E REDACCIÓN:

Sto. Domingo, 47 — OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

Hortas, 20 — SANTIAGO

ABONAMENTO

|                                   |               |
|-----------------------------------|---------------|
| <i>Doce números, na Península</i> | 6'00 pesetas. |
| <i>Fora da Península</i>          | 8'00 "        |
| <i>Número solto</i>               | 0'70 "        |

NOTA

*Este boletín non publicará mais orixinais qu'os que foran directamente solicitados pol-a Dirección. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidas, a non ser das que por non íren rubradas, enténdense que son da Redacción.*

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

SUMARIO

CORAZÓN Ó VENTO, por AQUILINO IGLESIA ALVARIÑO.  
ENCOL DO ELEMENTO ANIMAL NA PAISAXE, por RAMÓN OTERO PEDRAYO.  
ROBERT BURNS E O DIÁNO, por R. CARBALLO CALERO.  
CASTELAO E A GALIZA, por RODRIGUES LAPA.  
DA ALEMAÑA, por VICENTE RISCO (proseguimento).  
ARQUIVO FILOLÓXICO E ETNOGRÁFICO DE GALIZA,  
OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS, pol-a REDACCIÓN.

IMPRESA "NÓS"

Facturas - Estados - Libros - Revistas  
e toda crás de traballos tipográficos

Trasmitanos os seus encárgos

Hortas, 20

SANTIAGO

Vicente Risco

Abogado

Sto Domingo, 47-2.º

Ourense



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XIV ★ Ourense 15 de Setembro do 1932 ★ Núm. 105

## C O R A Z Ó N Ó V E N T O

POR AQUILINO IGLESIA ALVARINO.

TIRÉI ô vento, sangrando,  
un día o meu corazón.  
—Quedóu-se a hora tembrando  
coma unha flor d' emoción.—

Entr'as suas doces mausiñas  
colléu-no a noite serena.  
—Sobre das fontes sequiñas  
choraba a lúa a sua pena.—

Para a estrela máis noviña,  
fixo do meu corazón  
unha cuna pequeniña,  
entr'as ás dunha canción.

Miña doce señardade  
abalaba-a demansiño,  
n-unha léne vaguedade  
feita de seda e d'armiño.

C'unha voz moi consumida  
cantaba un triste cantar:

¡Ai doce estrela belida,  
a aurora quêr-te matar!

Durme, estreliña isolada,  
¡meu aíaiái, xoia miña!  
¡Ai, que xa ven a alborada  
chuchar a miña estreliña!

Pasóu así a noite enteira  
â par do meu corazón.  
—Com'a rosa na roseira,  
foi-se murchando a canción—

...Por fin, entr'os seus braciños,  
morréu a estreliña nova.  
Aos hombros, catro versiños  
leváron-a para â coba.

Á mañán, inda, perdidas,  
andaban á divagar  
sombros de cancións doridas  
que quedaran de cantar...



## ENCOL DO ELEMENTO ANIMAL NA PAISAXE

POR R. OTERO PEDRAYO.

### I

**C**ONFESO me non podere afastar da suxestión do tema da Paisaxe. Considero ser il de valor esencial non somentes pra a interpretación xeográfica sinón pra a psicolóxica das culturas. Si d'unha maneira completa teimara n-istas páxinas abranguer a teoría da paisaxe xeográfica daría como primeira parte o basamento filosófico do problema. Máis iso ficará pra outro estudo. Pol-o de hoxe heime demarcar no espacio sinalado pol-o tido: o elemento animal na paisaxe, sin faguer distincións entre o valor e significanza que os animaes xogan en relación ca xeoloxía e a flora, ca bóveda celeste e a atmósfera, cos homes e as obras dos homes.

Dende logo un espírito suxeito por demais ás costumes estabrecidas poderá pensar ser a función dos animaes de inferior categoría. Pois na evolución do sentimento da paisaxe, no sentimento e no coñecemento primeiro xogou a vexetación o meirande papel, despois a roca, o chán. Deixemos pol-o de logo a consideración do home e as suas obras. Na paisaxe natural o primeiro en operar sobre a sinxela visión e sobre a conciencia alongada na memoria e refreitiva arredor dos datos da eisprenza, é sin dúbida, a vexetación, o «tapis vivente» que dixo Ratzel apegado por razón elementar da vida ó chán, o fondo das manifestacións da vida humán, a coor e a figura das paisaxes. Acontece naturalmente isto no decorrer da cultura histórica, e na formación da cultura individual, os primeiros paisaxistas nas letras ou na pintura fixéronse no mundo vexetal como os nenos e os homes de sinxela educación lembran somentes o tón vexetal dos

hourizontes que lles fán impresión. Os poetas dos cancioneros sinten a presenza dos albres e das pradeiras. Os nenos e os labregos falan de bosques, de gándras, de desertos. O elemento xeolóxico fica ausente. Todo o máis significa en conxunto a presenza de algo estrano, terrible, descoñecido. Si valen algo as formas do terreo é pol-o manto vexetal que as reviste. Eisl o anacoreta Bruno de Colonia o fundador da Cartuxa di n-unha sonada epistola a un amigo seu gabándolle a lediza da soedade: —«Iste chao entre montes, istes verdecentes lameiros, istes pastos de froles— os vales recollidos fresqueiros d'augas e fontes». É ben sabida a función dos pre-románticos descubrindo o valor das montañas. Hai encol d'isto toda unha literatura cuia lembranza non podemos seguirei aquí. Abonda con sinalar como a paisaxe no seu elemento xeolóxico vai sendo estimada deica ó punto que hoxe incluso o nomeamento científico das rocas ou das formas evolutivas dos montes, figura como eispresión elocuente do ser d'unha paisaxe.

O elemento animal fica o máis esquecido de todol-os que nas diferentes combinacións integran a paisaxe. O máis fuxitivo. O apenas sinalado. É non porque os animaes non sexan tema custante das meditacións. Na literatura teñen de antigo unha función simbólica. Eles refrexan ou acompañan representacións moraes i-estéticas: a pomba, a águia, o león, as abenzas, as serpentes, os castores. Amigos ou enemigos do home gardan no mundo das artes, n-un longo decorrer, seu carácter mitolóxico, unha lembranza do tempo edénico ou totémico, no que eran condición esencial do vivir dos homes. Mais como compoñentes da paisaxe apenas se teñen estudado. A razón é ben

doadá de entendere: non máis que o seu poder de locomoción. Os animaes ambulan. E como na paisaxe procurase un fondo quieto, os animaes solo figuran como elemento adxectivo, pasaxeiro, e cuase sempre encarnando ideas ou sentimentos moraes como os rebaños de bois mouros nos cadros da campalía román de Claudio o Lorenés, ou o pasar das bandadas de aves palustres na literatura noruega, ou as teorías de mulas n un ermo e luminoso paisaxe castelán na cerámica de Zuloaga, ou nas páxinas de Barrés. N iste traballo queremos incorporare o mundo animal na paisaxe galega, somentes como un ensaio cheo de dubidacións, privado do carácter sistemático que debera ter. Mais dinantes compre faguer outras dúas consideracións limiares.

## II

A primeira, condición da segunda, relaciónase con toda a traxedia esencial da historia dos homes: a loita d'eles cas especies animaes. N un longo tempo —na Prehistoria— os animaes bulían no mundo máis que os homes. Eran fonte de vida, eran ameaza de morte. Entramas esenciaes. Por iso a arte cuaternaria representaas d'un xeito incomparable colléndoo no movemento e na tensión da loita e da carreira. Igoal volume teñen nas primeiras culturas sedentarias, mais eiquí os animaes fican domeados, son amigos, compañeiros e fonte de riqueza máis que enemigos. Asina os peixes que ordeados en fiadas poboan as augas nos relevos asirios ou as representacións das tumbas e dos templos exipcios. O animal domeado polo home, a área das especies nemigas redocida de día en día; isto significa outra interpretación do mundo.

## III

Acontecen as xeiras do trunfo primeiramente nas zonas temperás, nos fogares da cultura. N-éles o animal fica domesticado ou inofensivo. En troques nas zonas de colonización garda en grande parte a súa primeira importancia prehistórica. Compárese a función das especies animaes no Brasil e na

Europa, por exemplo. D'eiquí que nos países eisóticos os animaes señan considerados como elemento esencial da paisaxe xeográfica. Abonda lembrare uns poucos exemplos.

Na descuberta das novas terras cando elas adequiren representación e cidadanía literaria pensemos en dous grandes paisaxistas: Chateaubriand e Darwin. O primeiro descubriendo literariamente un río americano das florestas, calquer aflouente do Mesehacébe ou do Ohío pón en primeiro lugar, como tón no esquema da paisaxe, o traballo dos castores cas suas vivendas e os seus diques e canalizacións. Darwin pra nos dar unha impresión da Pampa fai galoupar nas suas páxinas ou dormir na fonda soedá da noite as greas de facos ceibes. Isto xa non sería posible na Europa. Calquer paisaxe africana da zona quente por elementar que sexa fai aparecer os niños das termitas, como n-un aspecto dos estreitos malaos figuran os niños das anduriñas. E ningunha especie animal chega á ter na paisaxe centífica a importancia dos pólipos aínda que máis na función que poidéramos chamar xeolóxica ou xeopoética que na propiamente vivente. Dende logo os animaes inferiores e asociados ocupan meirande lugar que os superiores e ceibes. Un lión apenas será elemento decorativo namentras uns paludes da terra quente será incomprendido sin a presenza das nubens de insectos.

## IV

A nosa paisaxe galega por ser das millor e máis fundamentes humanizadas por unha vella cultura figuraría privada do elemento animal ou polo menos redocido iste á unha domesticidade completa. Os dous tipos ou formas, ceibes ou caseños, dos animaes son indispensabres pra a integración da nosa paisaxe. N-un estudo completo-poderíamos seguir algun dos dous métodos seguintes: por crases de animaes ou por fondos de paisaxe, estudando o papel dos insectos, dos paxaros, das abenzas e dos peixes, ou procurando en cada fondo de chao, de veiga, de montana, de bosque, mar ou costa os axentes animaes predominantes. Outro ca-

miño, cecais máis suxectivo, sería a combinación dos sinalados en varios cadros de hourizontes. Considerando as dúas maneiras como os animaes infruen na paisaxe: por si e pol a súa operación. As abenzas dan coor á un coto, as abenzas modifican a vexetación do mesmo coto. Tampouco se pode esquecer un feito que abrangue tamén e máis craramente, a vexetación: son as mudanzas de sazóns. Do mesmo xeito que as agromadas e os outonos cambian biolóxica e estéticamente a paisaxe n'outro grado a mesma paisaxe pode ser variada pol-a presenza de diferentes castes d'animaes pol a súa maior ou menor dependencia da paisaxe n'un instante preciso do eterno devenir do anaco material da natureza, encastrado n'un hourizonte e inspirador da visión da paisaxe.

## V

Consideremos primeiro as paisaxes mariñas. Elas forman a orla atráutica e vidual da Galicia. En todas elas é indispensable a situación dos animaes máis ou menos dependentes do grande Océano salgado. Os rebaños d'un Proteo cuaseque infindo enchén as paisaxes mariñeiras da Galicia, e chegan en moitos casos á seren causa de modificación do elemento xeolóxico da paisaxe. A praia, en canto se afasta da mar, aparece poboada de mariscos. Eles dán unha coor, unha vida, as áreas da praia, cangrexos, e navallas, e ameixas, e seus esqueletos son elemento indispensable da vida d'aquella paisaxe. Os percebeos recobren pedras enteiras, danlle unha coor e unha ton. Pénsese na praia da Lanzada ou nos Aguilloes que dan seu nome á unha punta veciña ó cabo Ortegal. Os gollíns e os arroaces choutan nas augas. E non d'un xeito calquera, sinón obedecendo á leis vastas e fondas cinguidas co vivir natural da mar e do aire, ca vida enteira, cósmica-pranetaria, da terra. Do mesmo xeito os agrupamentos brancos ou negros das gaiotas e dos corvos fan na zona mariñá un índice de relacións, variabres asegún o tempo e a sazón, ademais da súa contribución ó tipo estético da paisaxe. A mesma mar fora

ou preto da costa non se presenta paisaxe unánime e sempre máis que ós homes privados da comprensiva comunión ca natureza. Os naturalistas, os poetas, os mariñeiros saben moi ben distinguir gamas enteiras de paisaxe na superficie movente das ondas. Resultan da fondura, do ceo, do tempo, do sol, do vento. Eiquí non nos interesa. Mais as grandes masas migradoiras de peixe (non son pros mariñáns tan espresivas na paisaxe da mar como poden sêlo a agromada vexetal ou o galopar das greas de cabalos nos da terra?

Da nosa paisaxe teñen cuase desaparecido os animaes salvaxes. Queremos dicir eiquí o conceito acostumado de feras. Mais tampouco d'un xeito composito. En calquera grande serra galega o lobo no inverno e no vráu participa na fisiognomía da paisaxe. Na noite do inverno os seus ouveos enchén a soedade. Por qué? Por razóns cinguidas con toda a historia da nosa Terra. A historia longo drama das loitas do home ca natureza, non é composito trunfo n'algúns outos e bravas comarcas. Onde non chega a agricultura d'un xeito suficientemente calcado, na irta montana, aínda o lobo manda. Da o seu tón á paisaxe.

Mais son outras especies as que millor e con meirande área e forza integran na composición dos hourizontes. Primeiramente as infindas tribus dos insectos. Adoitadas pol as coñecidas tendencias do istinto e pol-a defensa mimética á coor e facies vexetal, caracterizan cada paisaxe. Non soílo pol-a coor ou o traballo. Tamén por outra causa que pra sentire dinámicamente a paisaxe se non debe esquecer: pol-o canto. A paisaxe non pode ser como no cadro, muda. A paisaxe espresase en sonoridade. En diversas sonoridás asegún as sazóns acompasada n'isto ó ritmo íntimo do Universo. Poderíamos esta brece n'iste respecto a seguinte sinxela proposición. A sonoridade mecánica manda na paisaxe invernal: romor de vento, de choiva. A sonoridade vital enche dende a primavera ó outono a paisaxe. Cantar do moucho, do reiseñor, do sapo, vibración de élitros, croar das rãs. A sonoridade apimal enche moitas paisaxes. Fixándose e ficando calados un instante, aínda no mediodía baixo o

silencio do sol, sempre se ouve un zunido animal. Cada tempo de cada día, de cada sazón disfróitase da súa particular eispresión sonora.

Mais volvendo ó noso tema xurden os insectos. Infundidos, misturados coa cor da vexetación, compretan e definen os caracteres físicos da paisaxe, amosan un perfecto acomodamento á temperatura, á nebulosidade, á humidade con máis perfeición que outras especies animais. Lémbrese á paisaxe laguenta da Limia coberta de nubens de mosquitos, os saltamontes dos lameiros, os abellóns das viñas e das hedras do outono. A cor verdecente da nosa vexetación imponéndose nos insectos dos bosques e dos lameiros fáannos pouco apreciábelles na masa das follas. As formigas modifican en pequena máis significativa escala un elemento de tanta importancia na paisaxe como é o chán. As difrentes castes de orugas dan outra forma ás follas dos albres. O imperio da vexetación cultivada non dá licenza pra que toda unha paisaxe defínase pol-a presenza d'unha tribu de insectos como acontece coa langosta nos campos da Iberia enxoita. Mais a unha apreciación fina da paisaxe non podería fallar a cor, o movemento, e zunido dos insectos aínda dominados e condicionados pol-o rexo medeo vexetal.

Dos insectos pasemos ós paxaros. Eles son propios de cada sazón do ano. Cas suas emigracións, presencias e ausencias, e seus cantos perfilan e desenvolven aqueles caracteres da paisaxe ou d'un momento da paisaxe que n'un primeiro ollar cecais non señan percibidos. Os paxaros, como os insectos e os peixes son elementos leviáns mais tamén sintetizadores d'un instante da paisaxe, e xa sabemos como somentes adaitada á dimensión tempo pódese concebir a paisaxe como verdadeiramente eispresiva do cosmos. O cuco afonda as primeiras follateiras primaveiras. Como paxaro illado non figura na paisaxe práctica, a máis sentida e estudada, sin que ela esgote o concepto e ser da paisaxe. En troques as bandadas de aviós ou anduriñas, as parexas de pegas no inverno nas touticeiras e nos ermos, os voos de perdices nas encostas de pinica, as pombas e as chochas, os vichelocregos, e os estorniños, con

sere algúns d'eles illados ou aparexados acompañanse con certos momentos da longa vida dos bosques como tamén as rulas, os melros e os malvíses. O día de xuntanza das anduriñas pra o seu pelerinaxe anual, ou o outo pasar das aves dos lagos, sinalan instantes críticos na paisaxe cósmica. Mais achegados ó concepto corrente son outras castes como as aves mariñas xa sinaladas e os corvos que na Galicia poboan de mouros voos rexións xeográficamente ben detremiñadas da costa ou do interior. Eles compretan a erma visión das terras de Xallas ou das chás de Villalba, e Pondal tratounos no seu verso rexo i-espresivo na propia significancia de paisaxe.

## VI

Agora consideremos un anaquiño os animais que viven en crara sociedade cos homes. Pois tamén os outros son no estaxe ritual, modificados pol-a vecindade dos homes. Os animais domésticos ademiten unha gradación de tipos. Algúns, en rebaños, son elemento esencial de algunhas paisaxes.

En primeiro termo os cabalos. Todos coñecemos as rexións da Galicia percorridas pol-as greas de facos. As da Groba, Barbanza, Corda, etc. Eiquí mirase un efecto de terras roídas pol-o dente dos animais. Igoal cas abenzas. Istes dous grupos dan outro cor a paisaxe. Son produtores do ermo con tanta intensidade cecais coma as augas encovadas no chán, non permeabre, ou a calidade da terra, ou os ventos. As greas galoupando, os facos dispostos en grupos caracterizan certas paisaxes de brava serra. Como que calquer xeneralización estesa de montaña ou val háse acompañar coa presenza e os efectos d'aquelas tropas d'animais.

A Galicia verdadeiramente labrega góbrenase co gado vacuno. Mouro ou marelo. Calquer paisaxe traballado de veiga se non comprende sin as vacas e os bois. Os artistas da catedral de Amiens esculpiron en relevos eispresivos ós bois homildes, cargadores do material, que figueron posibre a obra. No mesmo senso eles acompañan e acompañan o traballo labrego. As suas pisadas, como as das abenzas axudan á darlle a súa fisiognomía ós camiños, ós eidos, ós la-

meiros e ós montes. E n-iste punto chega o instante de considerare o probrema paisaxístico do animal illado. A cousa poderá figurar pouco xeográfica pois n-ista cencia son básicas a proporción e o volume, e de fixo, pol-o menos no marco da metódica *ad usum* calquera feito xeográfico debe ter un corpo de espazo d'abondo grande pra ser considerado como tal. Mais nós eiqui tampouco podémonos evadire do estilo da paisaxe. Pois hai unha estilística da paisaxe, cuio acento e tema, pode moi ben ser detremiñado pola presenza d'un animal illado. E non de calquera nin en calquera momento da paisaxe sentida e mirada dinámicamente. Do mesmo xeito unha nuben vagorosa soila no ceo concede estilo elocotentemente xeográfica á unha hora d'un día d'unha sazón, por exemplo á unha do vrán cando se anunciar mudanza de tempo, e unha soila nuben sififica no ceo, e sobre os montes e as terras, ou sobre da mar o acento e a urxencia e fisiognomía da hora xeográfica. Fai poucos días miréi unha grande e deserta gándra nas terras de Frades, chao apenas ondeado, vestido de vexetación baixa na que sentíase a presenza das greas de abenza aínda que se non mirara unha soila cabeza. No ar vibraba quieto un fermoso miñato, a presenza do paxaro afirmaba a eispresión da paisaxe,

era un centro de esfera silenzosa, vivificaba n-un senso de loita a fisiognomía de certa paisaxe, en certa hora. Na Limia lameiros son espresivos dos aspeitos e funcións esenciaes da terra limiá, os rebaños de mouro gado. Mais ás veces un soilo animal, deitado ou pastando, nos lameiros agoirados, demarcados por sebes de terra inzadas de verdes salgueiros ou retortos carballizos, abonda pra suxerir a tónica da paisaxe e todol-os máis caracteres que no decorrer universal o enteiran.

De igual maneira, illados ou máis eispresivamente en conxuntos os animaes domésticos son verba eispresiva no lingoaxe da natureza mirada coma paisaxe. Voos de pombas nas hortas, vichelocregos nos pombares, libélulas nas fontes, galiñas nos curros, a donicela fuxitiva ou os abesouros nas hedras d'un muro (un soilo muro c'un anaco pequeno de terra e ceo pode enteirar unha paisaxe), as tioupeiras n-un lameiro ou na beira. Sin teimar a precisión de leises ou relacións categóricas que soilo o progreso da cencia e da estética da paisaxe poderá establecere, podemos rematare ca afirmación de como os animaes vitalizan en diferente grado as paisaxes e son eispresión necesaria e acentuadora da sua fisiognomía e verbo no seu estilo.





## ROBERT BURNS E O DIAÑO

Por R. CARBALLO CALERO.

Os trinta e sete anos comprendidos antre 1759 e 1796, foron os que correspondeu vivir o poeta escocés Robert Burns. Namentras nas vilas do continente europèu ruxía a enciclopedia, namentras o balbordo dos cachóns carraxentos do mar popular espaventaba os tronos dos monarcas cazadores i encasacados, amantes das pelucas empoeiradas e dos luars ocultos das favoritas, da política hidráulica e dos pactos de familia; Robert Burns, rosto outimista e xuvenil, nun recuado recanto da vella Caledonia, rexía os bois xunguidos ó arado cantando as margaridas montanesas que a reixa apouvigaba, mortas, e as latexantes teipas das cuais, trazando o sulco, tiña destruído o tobo. O condado nativo de Ayr escoitaba, con paterina e cósmica emoción, os ares campesios que o fillo ceibaba, cheos de forza natural e sinxela, e mollados na auga salvaxe do sentir primixenio. Espido ante a natureza, Robert Burns manexaba a rabela como unha lira, e cada sulco que imprimía no chan era un verso que cantaba no espírito. Os montes da patria; as labercas; a lebre ferida pol-o cazador; as abedoeiras de Aberfeldy; Jhon Barleycorn, o orxo fermentado; a amada montesia; toda a Escocia agreste, co seu pouso gaélico inmorredoiro, vive nos versos do poeta cunha inxeleza exemplar, cunha proisimidade ó real tan grande como a proisimidade de dous corpos espidos pol-o amor.

E a vida era eisí cando o poeta veu ó diaño. O diaño en Escocia é, como en Galicia, amigo das trañadas. Rouba a manteiga ás donas; fai que a vaca agarimada pol-os seus ubérrimos tetos, troque a súa fartura pol a

aridez do touro. Mais as néboas nordesias embázanlle o corazón de xeito que os seus naturás instintos demoníacos poséeno con máis violencia que na nosa terra. Todo o que eiquí se conta de il de sinistro, de máo, acaesce alí engadido. Voa ate os cimiterios, á cabeza do exército das meigas, e renova con elas a súa liga, encol dos corpos desoterrados. A cabalo sobre a erba de Sant-Iago, paira encol das uces e as rocas esgrevias, abraiaando os corazóns dos nenos que xogan nos lameiros froridos. Cando os xios disolven os cúgulos da neve e aboia a codia resoante do lazo, entón os espíritos da auga, pol a súa orde, esbaran no río e atraguen ós viaxeiros nocturnos. E decote as súas lumíñas, enganando ó camiñante bébedo, asuláganlo pra se non máis erguer en calqueira pantano lamoso. Cando os sortilexios dos francmasóns o invocan, unha galíña ou un gato deben deter a súa ira: se non, o máis novo dos cofrades será botado axiña ó inferno. Este vello Cornudo, Satanás, Nick, pé fendido ou calqueira que sexa o nome que lle conveña, —como o endreza Burns— ás vegadas, como un león ruxente, cerca a presa en todo burato ou recanto; ou ben, voando encol do trebón, descobre os campadarios das eirexas, ou furando no peito humán se oculta n-él sen ser visto.


Burns lembra os contos da súa aboa, prudente e honrada dona. O empardecer chamábaa pra que fixera as súas oracións. Entón ela tení ouído o diaño dar tumbos detráis do muro ou fungar pasando traís os sabugueiros con murmurio arripiante. A boa vella decía ó seu neto, acomodado no colo da infancia, que Satán gustaba de errar por soitarios va-

les i-escorrentar con fúnebres laios o nocturno viandante o pé dos esborrallados castelos grises que dormen baixo a lúa.

Robert Burns ía de camiñar pol-a beira do lago. Era unha noite de crúa invernía, unha de esas noites nas que o vento pasa, antre as pontas espidas das árbores pantasmás, desenrolando a súa ariscá serpentina de oubeos. As estrelas relocían de esguello, con sinistra luz. O poeta marchaba, sufrindo no rosto contraído a infinda labazada do vento, apoiado na súa rústica binguela. Veuno. Estaba no meio do lago, a pairar encol das augas mortas, todo á espreita, co seu recendo de enxofre, o ollo cruel aceso roxamente. Era coma un feixe de xuncos na xerfa vagarosa. A alma céltiga do poeta sinteu a súa presenza con primitivo horror. A binguela tremou na súa man, a súa cabeleira erguéuse como touza de silvas cando o vello morcego rebelde, cun témero ruído, alzouse do meio das augas, tendendo as mouras e chifrantes aas.

Robert Burns lembraba o seu encontro. Contounolo cantándoo. Moitos poetas viron o demo. Milton, que, cegos os ollos á luz, como a alma á tentación, á debilidade, á torpeza, ollouno nos días primixenios da crea-

ción, como o mal esencial e metafísico, con ollada teolóxica de puritano; Lermontof, que o sorprendeu, infindamente canso, belo de aceda beleza, esculcando nas estepas, nun desolado vo, unha criatura á quen amar, fadigado do odio; Baudelaire, que o cantou como o señor dos perdidos, emperador dos canallas e os desgraciados, alixeirador das pernas do bebedor á quen siguen os cans, que da os crimiñás, no cadarso, a serea ollada que confunde ás moitedumes; Carducci, crásico e revolucionario, que o gabou como o Pan helénico e a personificación da dúbida metódica, coroándoo cas rosas de Anacreonte e vestíndoo ca casaca de Rousseau. Burns veuno cos ollos da Celtia, nunha visión folklórica na que se unen o Luzbel bíbrico e o espírito malévolo que tolle os brazos dos guerreiros e trabuca o agoiro do druida. E por eso, lembrando a súa aventura con el, recoñecéuno como un compatriota, recoñeculle algo de familiar e de simpático. E dialoga con el como cun bribón perigoso e coñecido, esperando que non consiga atrapalo, garimosamente. «Ah vello Nick, se quixeras refresionar i enmendartel! Sufo o pensar na negra caverna infernal, oh pé fendido, tamén por amor teu. Non só por temor, nen por compaixón os condenados, senón tamén por compaixón á tí, vello Cornudo.»





## CASTELAO E A GALIZA

Por RODRIGUES LAPA.

Con ocasión do homenaxe rendido en Lugo ó noso director artístico o ilustre Prof. Rodrigues Lapa publicón no número 399 da «Seura Nova» o interesante traballo que nos honramos en reproducir á continuación:

No día 20 do mês pasado, entre un bando de galeguistas de Orense, fui assistir a Lugo á homenagem da Galiza ao seu grande artista Alfonso Rodríguez Castelao. Éste, acompañado dos colegas deputados Soarez Picalho e Otero Pedrayo, viera de Madrid, de propósito, *sofrer* a consagração. Fomos esperá-lo a uma encruzilhada, onde se deveria formar o cortêjo, que entraria em Lugo. Vicente Risco ou Anxel Casal, já não sei bem, apresenta-me o herói do dia: um homem alto, vestido de luto, portador de óculos, por trás dos quais espreitam uns olhos extraordinários, húmidos de ternura: uma simplicidade e uma simpatia comunicativas e um entusiasmo viril de galego ao dizer-me convictíssimo: —Galiza começa a renascer!

Depois de tirarmos um grupo fotográfico, com *cara de riso*, receita por Castelao, abalámos para Lugo, entre nuvens sufocadoras de poeira, que nunca mastiguei de tão bom grado. Havia na cidade uma animação desusada, embora o gentio lucense, conhecidamente fleumático, não saídesse ruidosamente a caravana. A primeira cerimonia oficial foi a recepção no Palácio Municipal, onde se entregou ao artista, em meio de estrepitosos aplausos, um album artístico. Castelao, comovido, diz umas quantas coisas a agradecer. Soarez Picalho remata com três vivas atroadores.

Seguiu-se o banquete no vasto *comedor* do hotel Mendez Nuñez. Encheu-se de centenas de convivas. Tive a fortuna de ficar sentado

próximo de Castelao, que com um companheiro de antiga boémia fala singela e saudosamente da fome de outros tempos. Um homem encantador, sem artifício nem *pose*, que se senta àquela mesa ritual, como se estivesse na sua casa de jantar. A meio do almoço irrompe na sala um câro galego. Não sei que tem a gaita que me revolve todas as fibras da minha sensibilidade. Aquele *aturro*, sorte de clamor guerreiro, alegre e irónico, não consegue, muito ao contrário, distrair a minha comoção, que me vai, a meu pesar, molhando os olhos. Castelao diz-me: *É moi ledo, non é?* Respondo-lhe: *Pra min é moi triste*. E logo éle: *Pra min tamen*.

Começam os discursos. O dr. Cadarso, reitor da Universidade de Santiago, Otero Pedrayo, Soarez Picalho, Paz Andrade saúdam com eloquência Castelao. Estou pasmado; parece-me estar em Portugal; porque tudo aquilo é puro lirismo, que flui, ligeiro e fácil da boca untuosa de Pedrayo, forte e retumbante do negro vozeirão de Picalho. Afirmções de fervoroso galeguismo. Castelão agradece. Tem a sedução das palavras simples, pitorescas, que vão direitinhas ao coração. Quando se diz, imitando Ortega y Gasset, *um galego quimicamente puro*, todo dedicado à causa da Galiza autónoma, uma tempestade de aplausos abafa-lhe as palavras. Há lágrimas em muitos olhos. Acaba o banquete. E eu, que tencionava apenas ser naquela festa um espectador atento, venho derreado das emoções da famosa jornada.

Senti-a como se fôsse galego. Um meu companheiro de camioneta, vendo-me silencioso, ruminando o meu sonho interior, compreende-me e diz-me melancolicamente esta maravilhosa cousa: — *Andamos desviados*. Assim é, irmão galego, andamos estúpida e incompreensivelmente separados, nós, que tão bem nos entendemos e tanta falta fazemos uns aos outros!

Foi na afastada e risonha vila da Estrada, que tive a súbita revelação do génio artístico de Castelao. Bouza-Brey, moço admirável, galeguista intransigente, mostrou-me o famoso album «Nós». Fiquei abalado; o simbolismo forte dalguns desenhos, o realismo pungentíssimo doutros, a ternura inefável duns poucos, fazem dêsse album o verdadeiro poema da Galiza sofredora, a história trágica da *terra assobalhada*. As legendas, escritas num galego fremente, de delicioso humorismo às vezes, completam o quadro, cujo sentido profundo nem sempre é fácil de perceber.

Pouquíssimos leitores da «Seara Nova» conhecerão o album, publicado o ano passado e já esgotado ou em vias de esgotar-se. No propósito de lhes dar uma ideia da obra, se é possível à pena reproduzir o que traça o pincel, começarei por reproduzir o prólogo magistral, aportuguesando-lhe a ortografia; verdadeira joia literária, nêle se definem as intenções do album:

«Este album de dibuxos foi composto ant'os anos dezasseis e dezaioito, cando Galiza s'erperguizaba dun longo sono. Con este medio cento de dibuxos intentei desacougar a todo-los licenciados da Universidade (amas de cria do caciquismo), a todo-los homes que vivian do favor oficial... As intencions eran nobles e o pessimismo aparente. Certo que a tristura destes dibuxos queima com'a raxeira do sol que passa por uma tupa; mais eu non quixen canta-la fedicia das nossas festas, nin a fartura dos casamentos, sinón as tremendas angurias do decotio labrego e marinheiro. Alguns espiritos sensibles, que choran co'a melanconia dos tangos e dos fados, atopáron desmedida esta door das mi-nhas estampas; outros espiritos inertes olháron pouco patriotismo no afán de ser verdadeiro. Con todo eu sigo coidando que o pes-

simismo pode ser libertador cando desperta carraxes e cobizas duma vida mais limpa. Cicais hoxe atacasse as nossas mágoas c'un humor menos acedo; mais ninguem pode negar-me que as velhas inxusticias siguen en pé: velaí porque me arrisco a publicar esta obra. Ela foi amostrada en toda-las cidades e vilas da Galiza e sirveu de pretesto para «conferências» que influiron no actual resurdimiento da galeguidade. E co'as chatas que ten eu gardo-lhe lei e quero esponhêla de novo ó xuicio de todos».

O espírito de Castelao é, devia ser, por força, estruturalmente anti-castelhanista, já que é ao *homem da meseta*, como se diz por lá, que se atribui a miséria e a servidão ancestral da Galiza e, mais ainda, uma incompreensão obstinada do génio galego, profundamente delicado e humano. Essa franca hostilidade, que lhe valeu há pouco insultos soezes duma folha de Madrid, ora se desfaz em puro humor, como nos desenhos 3 e 34, ora rebenta em explosões de rebeldia, 17, 44. Em 3, um campónio, de vasto chapeirão, contempla um cartaz anunciador de tourada em Santiago e diz, coçando o queixo, com uma expressão de ironia indefinível: — *Que lástima de bois!* Em 34, um tocador de gaita diz, escarninho, para um garoto: *Para toca-la gaita compren mais folgos que para toca-la guitarra*. É a exaltação do psiquismo galego, sério, profundo, lírico, frente à mórbida ligeireza do andaluz.

Desta incompatibilidade fortemente sentida nascem naturalmente atitudes de guerra. Em 17, o apêlo à luta é evidente: um lenhador, entre dois pinheiros, apoiado pesadamente ao machado, parece meditar: — *E que o seu braço sòmente sirva para guindar al-bres!* Em 44, um peregrino, deitado em terra, adormeceu, de bôrco, segurando o cajo-do e a cabaça; o pássaro da morte espreita, em cima dêle. A legenda tem a estridência dum toque de clarim: — *Ergue-te, pelengrin, que o paxaro da morte está en riba de tí! Como en Irlanda, ergue-te e anda!*

Ainda neste sentido de humor anti-castelhanista, há um desenho, que tem para nós, portugueses, significado muito especial, o n.º 39: um velhote da fronteira, à beira do Minho, conversa com um cachopo, que lhe

desfecha uma pergunta deveras impertinente: — *E os da banda d'alá, son mais estrangeiros que os de Madri?* O homem coça na cabeça, espantado da pergunta — os rapazes são o diabol — e Castelao comenta, entre parênteses: (*Non se soupo o que lhe respondeu o velho*). A ironia é magistral e o mistério ainda a torna mais apetitosa, mas, ou muito nos enganamos, ou o velho teria simplesmente respondido ao mocinho que *não*. Nem poderia responder outra coisa: porque um português de verdade não tem o direito nem o dever de sentir-se na Galiza moralmente um estrangeiro; politicamente, sim. O certo é que a simples existência deste desenho tornaria perfeitamente legítima a presença dum português na homenagem a Castelao, que não era, longe disso, como se propalou na festa de Lugo, uma representação estrangeira.

Há uma Galiza vista de fora, verdejante, abundosa e idílica, a terra que o forasteiro encantado percorre distraidamente em 15 dias, e uma Galiza vista por dentro, de vilórias derramadas e de pequenas choças, fora das vias de comunicação fácil, onde o lume se extingue nas lareiras e o milho falta por vezes nas tulhas e nos *hórreos*. A tributação incomportável, a que não pode resistir a pequena propriedade, que mal se basta a si própria, a emigração forçada ou aventureira e o regresso do emigrante mais pobre de que nunca e a opressão desvirtuadora do tradicional cacique, são as chagas do país, que Castelao revolve com lápis heroico e firme. Nunca ninguém tratou o problema económico e social da Galiza com mais patética precisão do que o artista. Os quadros são inesquecíveis, perseguem-nos como espectros. O desenho 13, um dos mais extraordinários do álbum, representa os escravos do fisco: homens e mulheres cavam furiosamente a terra; as mulheres, com os canelos de fora das botifarras, curvas sobre o chão, parece quererem lá fazer para sempre; os homens, de face contraída e famélica, endireitam-se penosamente, enxada em punho, num gesto de dor e raiva; as mãos teem uma crispção impressionantíssima; o fundo escuro agranda o dramático das atitudes. Em 4, o velho labrego, junto dum cruzeiro rural,

com a laterninha pendente, remoi, torvo e sem esperança, a sua grande desgraça: — *Déu seu filho para Cuba e o seu neto para Melilla: mais agora non ten carlos para paga los trabucos. Quedará sen chouza.*

A fome é negra e má conselheira; mas a velha canga da servidão, a ternura e o fundo religioso da raça conseguem evitar, de momento, soluções desesperadas. O desenho 33 bem o mostra: dois camponeses, à porta duma dessas vetustíssimas igrejas românicas, de que está povoada a Galiza, segredam-se na penumbra: — *Na cadea dan de comer; pero teríamos de facer algún mal para ímos á cadea.*

O remédio é sair da terra, em bando (*En Galiza non se pide nada, emigra-se*, des. 32), e ir curtir em terras distantes a longa saída dos prados, das carvalheiras e das correioiras familiares. O instinto emigratório tornou-se uma fatalidade da raça. A irmã mais velha, a acalantar o irmãozinho no berço, pensa chorosa, (des. 24): — *E meu irmãozinho terá de sair da terra para gana lo pan!* É sina a que não se pode fugir: um belo dia, o *neno*, feito homem, resolve partir, libertar-se. O velho pai agarra-o, tenta demovê-lo (des. 8): — *E para que qués largar a terra? Non temos pan no forno?* Mas o rapaz, que tem no peito uma *arela*, que nem mesmo ele entende, teima, desprende-se e abala. Quasi sempre para voltar, porque deixou raízes profundas na terra (des. 25); mas, muitas vezes regressa apenas para morrer. Castelao encontrou para essa nostalgia uma expressão comovedora, definitiva: o *americano* vem morrer à sua casinha, ao seu lar; no leito de agonizante, murmura para a velha mãe, estátua de dor, enxuta de lágrimas, (des. 30): — *Eu non quería morrer alá, sabe, minha nai?*

Todos os matizes psicológicos dessa inquietude do emigrante, que nós tão bem sentimos, porque a temos cá dentro, em Portugal, devastadora como na Galiza, se encontram representados no álbum de Castelao. O final, pungente e macabro, era de esperar: um esqueleto, em cima duma enxerga; à porta, uma mulher quebrada de soluços. (des. 22).

Outro flagelo da Galiza era e continua

a ser o caciquismo, sociedade constituída em hierarquia feudal, que vai desde o tendeiro usurário da aldeia até ao influente de Madrid. Fim da sociedade: exploração total do camponês. Castelao focou o mariola e as suas malas artes em três soberbos desenhos. Em 18, o cacique, vestido de fraque, fumando cigarro de luxo, diz, com um sorriso de concupiscência no lábio grosso: — *A tua filha já será na moza, eh?* A atitude de indignação humilde do pobre labrego perante o alma-danada, que lhe levou os *cartos* e lhe quer levar também a honra, é das mais soberbas criações de Castelao. Só vista.

O expoliado sofre a sua dor, em silêncio; quando muito chora; mas se fôsse um irmão labrego o causador do mal, arrancar-lhe-ia o coração. Compreende-se que, impotente para a acção pessoal, directa, o camponês deseje que venha um raio providencial que parta o maldito e acabe com a sua miséria. É o espírito do desenho 27: um labrego faúdo comunica, pesaroso, a outro: — *Xá sabes que aquelo que tinha o cacique non era cancer...*

De todo este sudário de opressões e de injustiças resulta a amargura inenarrável do ancião em camisa (ainda lha deixaram!) de mãos postas diante do Cristo do cruzeiro (des. 19): — *Non me fan xusticia, Senhor!* E resulta uma dor geral, profunda e contida, que inspirou a Castelao uma das suas mais puras criações (des. 28): pai e filho dormem, sentados, criança com os braços pendentes, arrimado ao pai, que se apoia no grosseiro guarda-chuva. A rubrica vale o desenho: — *Non sonhan mais que cando durmen!* A impressão de incrível desalento que nos suscita o desenho é tão amarga, que justifica a ironia dum outro (o des. 48): o Demónio, mirando a terra com uma lupa, diz, sardónico: — *E este é o mundo que fixo Deus?*

Mas nem tudo felizmente é amargura e descorçoamento no álbum de Castelao. Sente-se nele a predilecção amantíssima dos *nenos*, dos meninos galegos, que, no justo dizer dalguém, são os mais lindos do mundo. E é consolador verificar que os *nenos* que Castelao pintou há 14 anos são hoje, homens

de vinte e pico e constituem — admirável mocidade! — o maior esteio do galeguismo. A obra do grande artista tem, pois, frutificado. Honra lhe seja.

O desenho que constitui um cúmulo de graça e de ironia infantil é o n.º 23: duas pequenas, figurinhas encantadoras, uma de lenço, outra descoberta, de trança em bico sobre as costas, numa postura de abandono graciosíssima, falam do rei, ao pé dum tronco de videira. Eis a substância do seu diálogo: — *Qué comerá o rei?* — *Comerá... comerá... sucre.* Em 20, há mais ternura e mais humanidade: irmão e irmã, de luto ainda: conversam sobre o padrasto. Diz ele para ela com um arzinho triste de homem: — *Por isso se papai vivisse, non lhe gustaria que mamai casasse con outro.* Emfim, no desenho 16, um rapazinho de mau génio diz, capacitado, para o companheiro, esta coisa tremenda: — *O que sinto eu é que algun que maltratou a minha nai morra denantes que eu chegue a home.*

Aí tem um resumo, forçosamente grosseiro, do maravilhoso álbum. Faltou apenas mencionar um desenho (n.º 36), que poderíamos incluir na secção de tipos populares e que é dum realismo surpreendente e faz lembrar cenas de Dickens e Daudet: a mulher chora diante do cadáver do marido, a boca torcida de pranto e diz, com um supremo consolo e um supremo orgulho: — *Ai meu hominho, e que bonito vds co traxe das romerías.* Á porta, a turba dos vizinhos que vem ver, uns sérios e compungidos, outros indiferentes ou mesmo sorridentes; a cabeça espantada dum garoto fura por entre as saias das mulheres.

Posto isto, digam-me se não está sendo duma grande urgência a realiação duma *Semana Galega* em Portugal (Pôrto e Lisboa), projectada há tempos, mas malograda por não sei que desgraça, que sempre persegue estas puras manifestações do espírito. Com uma *Semana Portuguesa* em Santiago de Compostela, feita com decência e bom gosto, estaria dado o primeiro passo para o necessário, indispensável entendimento entre os dois povos. Que isto se realize quanto antes; a ocasião não pode ser melhor.


## D A A L E M A Ñ A

## III. BERLÍN

POR VICENTE RISCO

(Proseguimento)

Outro con sala propia é Emil Nolde. É bonita unha natureza morta c'un sol marelo, unha cabra de porcelán verde e branca e froles bermellas. Tamén m'intresou a *Lua sobre Marschland*; unha paisaxe de ceo nubrado negro, violado e verde, c'unha meia lua verde sobr'a terra verde escura e casas negras alumeadas de roxo. Outro con dalías e girasoles, as *Masken*, as *Nubes d'outono en Friesland* e un muiño de vento, son cadros fermosos d'un pintor artista. Mais no testeiro da sala hai un gran políptico con esceas da vida de Cristo que é un hórrido,



Esqumma de «Affchen» de Franz Max  
(National Galerie)

espantoso cartel de cego con corpos marelos sombreados de verde tan mal feitos de propósito, c'un Cristo crucificado marelo canario no meio, que m'encheu d'escándalo e de remordemento. Aquela era unha blasfemia pintada—ademais de ser un mamarracho sen perdón—e cáseque fixen propósito de me confesar de telo visto. E máis unha das pezas do políptico é moi boa: a que representa a Resurreición. A figura meio indecisa, tratada ao modo do Greco do Cristo resurreito aparece antr'unha luz coor de lu-

me transparente e cegadora, que é un acerto indubidábele, un achádego que non vín realizado ata d'agora por ningún pintor.

E vín os soados cabalos azúes e os tres corzos de Franz Marc; e a *Komposition I* de Kandinsky; e un *Zuavo* de Van Gogh; e cinco cousas de Picasso: a *Familia d'Arlequín*, cubista, *Gente de circo*, non cubista, unha máscara e unha cabeza de muller horribles e un fermoso retrato de señora en azul; e unha natureza morta de Juan Gris, e outra de George Bracque, e outra cousa de Metzinger, e unha preciosa cabeza en latón de Rudolf Belling, e moitas máis cousas nas qu'está dando as boqueadas a pintura.

Rematarei c'un cadro que por todol-os conceitos coido simbólico: o *Blumenfresser*, o devorador de froles de Klee. É un cadriño pequeno onde sobre fondo negro com'unha pizarra da escola, está estilizada con rayiñas moi finas brancas e bermellas, unha sorte de besta que se non sabe ben s'é zorro ou porco, antr'un macizo de froles. Semella un bordado en tea. Ollando adispacio pra il, lembreime do consello de non botar margaritas ós porcos, e ocurriuseme pensar qu'o *Blumenfresser* é o noso tempo, a nosa sociedade, o filisteu pra quen tanto teñen as froles com'as berzas, que tanta estima lle dá ao políptico de Nolde com'a Cea de Leonardo, e que pol-o tanto é ben merecente de que lle metan esa pegota do cubismo, inventada pra il.

## KAISER FRIEDRICH MUSEUM

Pra os galégos, hai no Kaiser-Friedrich-Museum un cadro que todos queren, que todos deben, que todos precuran ver: a *Adou-*

*ración dos Reis* de Van der Goes, que estivo na eireja da Compañía de Monforte de Lemos. Todos lembramos ben a farta propaganda que se lle fixo á este cadro en toda a imprensa hespañola cando foi que se soupo qu'iba marchar pr'Alemaña. Ninguén tiña reparado n'el, e de súpeto fixose popular. Todol-os filisteus á unha, emprincipiando pol os xornalistas de Madri e de Galiza, deron en ceibar layos pol-a súa perda; os máis d'íles, lev'o demo se lles importaba nemigalla, mais sintían a obriga de s'ajuntaren ao coro das praxideiras, pol-o andacio, por botar por ela e por unha chea de cousas máis qu'arestora non son do caso. Se cadra, os verdadeiros, os engebres amantes da arte foron os únicos que sufriron en silencio.

Endejamais vin eu ise cadro. Hai moitos anos, pol-o tempo aquil do pleito que se moveu arredor d'el, cando as hostes de Paiva Couceiro s'orgaizaban en Galiza pra restauraren a monarquía portuguesa, fomos un serán pra Monforte, en compañía do escritor Alfredo de Mesquita, d'aquela Cónsul de Portugal en Ourense, e non acadamos vel-o cadro. Despois, non se me presentou outra proporción, e marchou sen eu velo. Agora, tampouco o puiden ver. As salas por ond'anda o soado Van der Goes, achábanse en reparación, e a entrada *verboten*.

Non hai posibilidade de pór eiquí unha guía, así seña ao meu xeito, das inacabábeles coleccións do Kaiser-Friedrich-Museum. Habería que salientar dúas cousas: os primitivos e os barrocos. D'uns e outros hai fartura. Non quero falar dos primitivos, e non é por caer na reprobanza dos eruditos historiadores da arte, doutos en cronoloxía, paleografía e diplomática; non é por non saber os documentos en que tal pintor apareza en tal era, coma testemuña no contrato d'arrendamento d'un eido qu'o mosteiro de tal arrenda a Fulano de Cual, etc., etc. É pol-o outro. En Galiza, o millor comentarista dos primitivos é Castelao, o qu'il non fora capás de tirar en limpo de calquera d'íles, nono había conseguir eu. Castelao é cecais o único pintor de hoxe que pode ser un primitivo cando queira, e qu'o ten sido algunhas veces. Digo primitivo, e non *pasticheur*. Ten o geito d'ollar d'íles, e aínda a y-alma d'íles.

Dos barrocos é outro cantar. Por eixemplo, ao Castelao non lle apraz Rubens. E Rubens é algo formidábelemente grande. Do Kaiser-Friedrich-Museum apuntei os cadros seguintes: *Virxe co neno*, *Andrómeda*, *Santa Cecilia*, *San Sebastián*, *Cristo neno* e *San João*, *Sátiros*, *Neptuno e Anfitrión*, *A Madanela*, *Resurrección de Lázaro*, *Coroación da Virxe*, *Diana e Sátiros*, *Conversión de San Paulos*.

Ben. Pois Rubens é toda a pompa e toda a ledicia do barroco. Non ten, se cadra, dramatismo, traxedia, confluente, misteiro. Non pode ter d'iso, porqu'é un pintor trunfal. A súa arte, dona de todol-os recursos, pod'acometer realizacións inmensas d'un geito seguro



O Blumenfresser

e satisfeito, cando o sol do Renacemento chego ao meio do ceo. Compracido, o seu espírito mergúllase en nubes douradas e ceos luminosos, en arquitecturas ricas e cesáreas e frondas de quentes verduras outonizas, en sedas e veludos, damascos e brocados, en sonrosadas carnes tépedas e moles e en abondosas cabeleiras lucentes. É unha pintura solar, de meio día no signo do león, á deitar ouro ás mancheas riba do mundo en festa, con soberán prodigalidade, fastuoso sol roubado á Venecia. Do Tiziano, veñen os esprendores loiros e rosados das súas mulleres; de Miguel Ángele o titanismo atlético dos seus homes. A obra de Rubens é unha imensa alegoría da y alma do barroco chegada á súa máisima expansión.

Depois, a maestria, na *Coroación da Virxe* (n.º 762) hai abaixo tres anjinhos, nenos, coma todol-os de Rubens, alumeados c'unha estrana e fermosísima combinación de luz antre nubes, con lampos de luz craros sob' un craro rosa gris, d'efeito verdadeiramente mágico. Na *Diana e Sdtiros* (número 762 C), hai un cadelo pintado vëndose através da y-auga que cai n'unha fonte, que é algo que solprende de geito inesquecente. Na *Conversión de San Paulos* está conseguida unha gigantomaquia d'outro mundo espréndidamente super-humán. Na *Andrómeda* ajuntou toda as suavidades da pel feminina; conseguiu co a coor unha beleza táctil.

Rubens encerra moitos máis segredos do que poidera parecer. Compre seguilo estudando.

A carón de Rubens, Rembrandt sinala o outro polo do barroco: a cara interior. Velequí unha boa síntese: *O Home do helmo dourado*. A faciana, chea d'alma, do home, mergullada na sombra, non modelada, senón feita con luces máis e menos escuras, semella que n'ela, Rembrandt non pintou a y-alma por meio da forma corporal, senón a y-alma directamente, e que da expresión resultou a forma corporal, sabia e alteirosa tristeira arcana, vestida d'unha aparencia de carne austera e distinta. Cantas cousas sabe, e con que nobre obediencia ao sino leva iste home ise helmo, porque ten que ser asína, conservando baixo do seu peso o albitrio de matinar caladamente pra contra sí, sen descubrir o seu pensamento! O helmo, o esprendor frío e nobre do metal é pra comentado pol-os técnicos. O fondo, a sombra misteriosa do *pardo de taller*, é pra comentado por Spengler.

E á outra cousa.

## ZEUGNISS

Toda a historia da artilleiría e armas de fogo, d'ende século XIV deica o día de hoxe: bombardas do tempo de Maximiliano e pezas inmensísimas da Grande Guerra; as culebrinas e os falconetes, os morteiros e os cañóns de decorado barroco; as culebrinas de mán, os mosquetes, os arcabuces, os fu-

sis, as escopetas, as armas de tiro rápido, as ametralladoras. Lanzas, alabardas, partesanas, bisarmas, machetes, bayonetas. Machados e mazas d'armas; arcos e ballestas; moças ferradas e jabalinas; espadas: d'unha banda, a espada dereita, europeu-cristiáa, qu'encomenza na d'antenas, e logo colle a cruz; hainas eiquí d'ende os séculos VIII e IX, e veñen logo os mandobles, as espadas longas, as espadas de cazoleta, mais ou menos decorada, tipo alemán, tipo milanés, tipo toledán, as de gavilás retortos, as de garda mán, as de lucimento, os espadís de cerimonia... Da outra banda, a espada torta sud-oriental, meridional-islámica, que comenza na falcata; hai eiquí numerosos tipos orientais e sables modernos.

As cotas de malla e as armaduras, d'ende século XIV: arneses da Casa dos Hohenzollern, dos Margraves de Brandeburgo, moi fermosos; a do soado Kurfürst Federico Guillermo von Hohenzollern, primeiro fundador da grandeza da Prusia, o príncipe que máis lembranza deixou en Berlin.

Despoixas, hai unha chea de vitrinas con milleiras d'uniformes d'opereta, algú comestos da traza. E aínda hai outra cousa máis preciosa: moitas vitrinas cheas de monicreques pequenínos uniformados e armados, de todol-os tempos, nos que s'espalla toda a pantesía militar da raza. Son lindísimos, e da gana de roubalos. Hai tamén modelínos de cañóns pequerrechos, hai o demo.

O máis fermoso son as armas orientais, das que hai pezas de verdadeira riqueza: ouro, prata, marfín, nácre, esmalte, pedras preciosas, laca, cristal, damasquinado, madeira, etc., ornan estas espadas, cimitarras e puñais que son verdadeiras obras d'arte, que debera dar gusto ferir e ser ferido coelas. Armas que deberan estar reservadas pra o regicidio, pra o crime d'amores, pra o combate á morte dos príncipes e cabaleiros capaces de grandes odios, pr'as grandes crueldades d'un Aureng Zeb ou d'un Nadir Schah. As máis ricas son as da India e as da illa de Java. Os *Kris* javaneses, cos seus estoxos de metal, de filigrana incrustada de pedras, de marfín e madeira tallada, de madeiras raras puidas; cos seus pequenos puñais de madeira, de marfín, de nácre, de cris-

tal, de turquesa, de jade, d'ónix, d'ópalo, d'ouro, representando deuses e animais, son d'unha beleza extraordinaria, imposible de describir; hai que velos.

Os sabres japoneses son menos ricos, máis cecais señan máis elegantes. Denotan outro espírito moi divergente do da India, moi singelo e limpo, moi rematado e fino, moi fixo, marcado e de postrimeirías. Vése, n-isto com'en todo, qu'o espírito que criou a arte japonesa vai já moi longe, e cicais morreu pra sempre. A arte japonesa (cecais chino-japonesa), co a egipcia, son as máis desemeillantes ás demais.

Antr'as armas artistecas, compre contar tamén as escopetas, ballestas e armas de caza e as pistolas de desafío europeas do século XVIII. Dende logo, menos ricas qu'as orientais, aínda qu'as mesmas japonesas; pero fermosísimas, co-as suas finas e curiosas incrustacións de marfín en madeiras de prezo. A coleición é moi abundosa e boa.

#### MUSEUM FÜR VÖLKERKUNDE

O Museum für Völkerkunde éme moito máis coñecido. Percorrín moitos días as suas salas, chegando á mañá n-un autobús á esquina de Stressemanstr. e Prinz Albrechtstr. e ficando no Museu deica ás tres do serán. Coma Des Esseintes estivo en Londres, sen sair de París, quixen eu alí moitas veces estar na Asia sen sair d'Europa --anque cecais, pr'estar na Asia m'abondase traspasal-a Friedrichstrasse car'ao Leste. Pra irme á Asia ibame pra o esquinal oposto á entrada (*Erdgeschoss, Raum XV*). Hai alí un espazo ochavado, penumbroso e silandeiro, onde n-unha calma imensa pousa unha figura japonesa colosal, en madeira dourada d'Amida Butsu (Amitábha Buddha), o d'esprenzor sen medida, en aitude de concentrada meditación. Hai alí unha cadeira baixa. Non hai máis que sentarse n-ela e agardar, sen rebulir, sen toser, contendo o alento asegún as regras, sen pestanexar: *Om mani padme hum*, deixando qu'o esprenzor do ouro entre ben n-un, e já está. N-uns minutos, qu'un pode alongar según lle pete, vive un unha esperencia do máis fondo intrín, que ll'aconsello á todo-os que queiran estudar estas cousas.

Non sei eu ben, por eixemplo, s'istes alemás qu'estudaron o buddhismo e outras relixións orientais, as viviron, xiquera fose uns minutos na vida. Non sei s'os esporadores de Turfan, Kyzil, etc. que tan fermosas cousas trouxeron pra iste Museu, estudaron aquilo por adentro ou somentes por afora. Que se sómentes foi por afora, asegún o corrente modo occidental (doutrina do ollo), d'aquela non sei que van sacar en limpo das escrituras maniqueas, dos manuscritos en dazasete lingoas e en vintecatro alfabetos que trouxeron, já qu'ises escritos son plasmación d'estados d'alma que nonos poderán endejamais describir, nen aproximativamente, se non fixeron pol-o menos o intento de s'achegaren á iles canto poideron. Teño medo que toda a nosa etnología (*Völkerkunde*) non seña máis que comparanzas e relacións estabrecidas antr'os aspectos exteriores das cousas cand'o que nos intresa é a y-alma dos pobos e as suas íntimas consanguinidades; o que nos intresa tanto com'a obra feita, tanto com'istes templos e frescos de Kyzil e de Chotscho, cos seus santos buddhistas, seus deuses, suas apsaras, seus cervos cheos de vida, de movemento e de pulo na fuxida, seus paxaros mágicos, seus fondos de froles e de follas, tanto com'estas místicas iluminuras maniqueas, tanto com'istes vaciados dos baixorelevos d'Angkor Wat ond'os Diti e os Aditi, os Asuras e os Devas turran d'un lado e d'outro pol-o corpo da serpente Ananta, pra bateren co monte Meru o mar de leite do que xurde a Amrita, o licor da imortalidade -- é o proceso espiritual criador d'estas conceicións e d'estas obras.

América está no primeiro andar: cousas dos Eskimos d'Alaska, aínda comprensíbeles; mais logo, de qu'entramos na América propiamente dita, já non comprendo nada. Deuses mexicanos, anque semellen egipcios, relevés e esculturas; cousas da América Central; vasos de barro de figura humana da cultura china e do Perú; tecidos incaicos; cerámica estilo Tiahuanaco; mosaicos de pruma; decorados geométricos d'esguello; todo é de tal xeito do outro mundo, que me convence pra sempre da existencia da Atlántida.

Non creio nas Atlántidas africanas de Pie-

rre Benoit, e de Froebenius. N'esta, si creio. América si qu'está longe, vivindo ainda os seus restos tan preto de nós. Quetzalcoatl e Witzliputzli son deuses atlantes. Mayas e Incas eran razas atlantes, da auténtica Atlántida platónico-teosófica, co-a sua Cidade das Portas d'Ouro e co-a sua catástrofe, e con todo. Renuncio á enxergar istes símbolos, á soletrar esta lingua de formas estranhas, solagadas nos séculos.

No segundo andar voltamos ao noso mundo, na África de Froebenius. Enantes da India, África tivo-me enmeigado moito tempo, cand'aínda a arte negra non era moda, cand'os africanos eran singelamente: os salvages. Soños de mocidade, no meu tempo d'introversión rigurosa, qu'agora tan raramente podo traer á min. África foi unha das etapas da miña pelerinaxe espiritual, é unha das terras das que teño lembranza sen ter estado n'ela o meu corpo.

África medra na consideración cada vez qu'un procura un novo achegamento á ela. Vese medrar en fondura, en riqueza, en compriación, aínda en refinamento. Cada día teñen máis significado as esculturas de Kamerun, com'iste home encoiro c'un pau, da mesma terra, que semella parente do egipcio *Cheik-el-Beled*, e iste fetiche estilista, sentado no cabo d'unha columna torta pol-a que ruben e baixan os lagartos e as sabandixas, istes bronzes de Benin; istas estautas congoleas, com'a do príncipe Baluba, que semella un cabaleiro medieval, co seu helmo, espada —a espada dereita, europeo-cristiã— e adarga, a sua barbiña de tres rabos e o seu sabelo egipcio; as máscaras d'Angola e os tambores pr'acompañaren as danzas cheas de misteiro e d'engalo, qu'arrolan o espírito, pois os negros cecais son os que máis saben da magia, do feitizo da danza, e tamén d'outros feitizos e segredos, de tal xeito qu'eiquí, inda que nono sexa, todo semella arseal mágico, trebellos de bruxería, e parés qu'en cada ouxeto dos qu'eiquí hai, hai pechada unha forza estranha, que se pode comunicar s'un lles toca, e que fai pasar con respecto por onda lles. E n'efeito, hai n'iles plasmada, encantada, unha y-alma moi antiga, unh'alma antiga vivente, e non morta com'as d'outros mu-

seus. Eiquí todo vibra e vive e fala n-unha lingua muda, mais que se sente directamente nos nervos.

Despois, na Oceanía, ja lle volvemos pillar o caris á Atlántida. Polinesia aínda é do noso mundo, do mesmo senso en qu'o poden ser a India ou a China; mais conforme un vai car'ao leste ou cara ao sul, o noso mundo vaíse perdendo. Hawai e a illa de Páscoa já son da Atlántida, ou cecais de máis longe. Veleiquí a vestimenta real de Hawai co seu longo manto tecido de prumas. Está posto n-unha estauta-maniquí, que leva un gorro con crista com'un casco romano. Esta mesma réplica do casco romano pon esta figura n-ua afastamento prodixoso e incalculábele.

E por fin, veleiquí están os australianos, os probes australianos, homes primitivos que queiran que non, cos seus *boomerangs* e todo o seu material, que sirve pra total-as espicadeiras dos etnólogos, cando queren falar de cóma vivían os primeiros homes. Veleiquí os Aranta, os Dieri e demais fósiles da sociología, cimentos indispensábeles da ciencia de Wundt, de Durkheim e de Levy-Bruhl, comprobantes indifrentes de total-as hipóteses prehistóricas, económicas ou jurídicas. Eiquí compre comoverse un pouco, porque nos achamos diante dos vermes do corpo dout riñal apodrecido de Johan Jacob Rousseau, que se n-unha illa do Tiergarten ten a sua eisaltación, eiquí, n-esta sala ten o seu detrimento.

Hai aínda outro museu etnográfico (Museum für Völkerkunde II) n-outro edificio da Prinz Albrechtstr. que comunica co primeiro por unha galería. Cand'entrei n-esta nova parte, había instalada abaixo unha exposición d'arte antiga da Georgia, orgaizada pol'a Sociedade alemá pra o estudo da Europa Oriental, e máis do Comisariado d'Educación popular da República Socialista de Georgia. Os bolcheviks amostan moi fochos está arte da que están secando as fontes. Había alí:

Fotografías e deseños d'eirejas e mosteiros georgiáns, dende o século IV deica ó XVIII. Importante consignar eiquí que n-unha das eirejas do mosteiro de Nekressi, do século IV, hai dous arcos de ferradura ligeira-

mente apuntados; e tamén se nota o mesmo arco, esta vez sen apuntamento, na planta d'unha capela d'outra eireja do mesmo mos-



Diablos de Georgia (Exposición do Museum für Völkerkunde)

teiro, datada dos séculos VI ou VII, e máis n'outra do século VI de Gawasi, que é de cruz grega.

Reproduciós en papel de pinturas murais, do século X ao XVIII, con figuras de reis e rainhas, santos e anjos, bispos e presbíteros, todos de tipo perfectamente bizantino. N-un-

ha d'elas, hai dous demónios tan chistosos, que non puiden por menos de copialos.

Fermosismos panos bordados e ouro e sedas, d'un gusto serio e rico. Predomíñan as figuras en ouro e prata, e sedas pálidas sobre fondo mouro. Son do século XVI deica o XIX. O fermoso enterro de Cristo da rainha Maria de Mingrelia, ten o corpo de Noso Señor, chorado pol-as santas mulleres e gardado por dous anjos, no centro; enriba o Cristo triunfante levado por anjos e flanquexado de pares de rodas aadas, e abaixo novas rodas aadas, as mulleres diante do Sepulcro no que se senta un anjo, e a garda do sepulcro; nas esquinas, as figuras do Tetramorfo, e unha orla de follas e entrelazos.

Soberbios iconos de prata repuxada e sobredourada de finismo e artístico feito, singularmente a cruz de Kazchi, do século XI, chea de images e d'esceas.

Miniaturas de manuscritos, mais parentas das d'Ocidente, co motivo dos animais afrontados, adosados ou entrambicados que d'aló viñeron.

Había un deseño d'un interior de casa rural, co-as trabes talladas con motivos semellantes aos dos nosos mobles e jugos: a cruz, a rosácea de seis follas, os triángulos encaixados ou opostos, etc; e pedras de construcións eclesiásticas con entrelazos, grecas e palmetas imitantes ás do chamado estilo asturián.

(Continuaráse)

## Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza

### PRA UN CANZONEIRO DE NOIA

83 A golondrina no monte  
de todas as herbas come;  
o cariño d'unha nena  
tres días mantén á un home.

84 O cura cando vai fora  
leva a criada na burra,

na primeira carballeira  
dalle unha sacudidura.

85 Eu quería casar,  
miña nai dime que é cedo;  
ela como está casada  
non sabe as ganas que teño.

- 86 Unha vella moi ben vella,  
máis vella que Zaragoza,  
tratáronlle o casamento,  
de vella volvéuse moza,
- 87 O paxaro cando chove  
mete o rabo na silveira,  
esi fai a boa moza  
cando non hai quen a queira.
- 88 Este pandeiro qu'eu toco  
é de pelica de ovella;  
aínda onte comeu herba,  
oxe toca que rabea.
- 89 De ónde vés Marica?  
—Véño de coser.  
—Non digas mentiras  
que vés de aprender.
- 90 Maruxiña do Portelo:  
á tua nai xa llo dixen,  
á teu pai téñolle medo.
- 91 Xa non che digo máis nada,  
piteiro de garza fina,  
ollos de gata arrasada.
- 92 O meu amor vai na guerra,  
Dios o libre d'unha bala  
para que volva á esta terra  
para cumprir a palabra.
- 93 As de alá de enriba  
cando van co gando  
espetan a vara  
e bailan o tango.
- 94 Anque son espichagatos  
aínda podo parecer;  
da auga de onde tí bebes  
tamén eu podo beber.
- 95 Teño moitas que botar;  
aínda teño un saco cheo,  
outro para desatar.
- 96 Chamáste-me pouca roupa,  
si n'ha teño meu proveito:  
teño menos que quitar  
á noite cando me deito.
- 97 Chamáste-me pera verde,  
eu á ti mazán podrida;  
a pera verde se come,  
a mazán podre se tira.
- 98 Cara de sartén sin rabo,  
Si non foran os adornos  
non valías un ochavo.
- 99 Manoeliño si te vas  
deixame unha cousa tua,  
deixame a tua navalla  
para cortar a verdura.
- 100 Algún día por te ver  
abrin portas e ventanas,  
agora por non te ver  
todas as teño pechadas.
- 101 Para boas mozas Noía,  
para feas Redondela,  
e pra beatas e falsas  
Santiago de Compostela.
- 102 Miña nai casai ás fillas  
non-as deixe envellecer,  
que non son herbas da horta  
pra volver á enverdecer.
- 103 A tua nai non-o ten,  
o teu pai non cho da,  
e de dónde che ven,  
do trailaralá.
- 104 Secan as herbas no campo  
e volven á enverdecer,  
fan com-os amores vellos  
cando se volven á ver.
- 105 O cura chamóume Rosa  
eu tamén lle respondín:  
destas rosas señor cura  
non-as hai no seu xardín.
- 106 Todos son os mesmos homes  
cando empezan por un bico,  
e soio é cuestión de nomes  
chámense Xohán ou Perico.
- 107 Maruxa ten boas pernas  
que llas vin no corredor;

non vin pernas como elas  
na filla dun labrador.

- 108 En Ferrol hai boas mozas,  
en Noia é a frol delas,  
en pasando por Santiago  
clavixas para cancelas.

- 109 Teño un amor que me cela,  
outro que me dá diñeiro,

outro que me desengaña...  
aquél é o máis verdadeiro.

- 110 Xa me dixo teu pai  
que te saque á bailar,  
pero como non sei  
non te podo chamar.

Recollidas por  
ALVARO DE LAS CASAS

## OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

### O GALEGUISMO NA ARXENTINA

A ringleira de entidades patrióticas que aló andan á realizar unha inxente laboira de exaltación da Terra, temos hoxe que engadís o «Centro Coruñés», onde ven de celebrarse unha xeira de conferencias encol da Galicia. Débese esta orientación galeguista ó noso colaborador e poeta Emilio Pita, que tamén interveu no ciclo tratando do «Panorama del Renacimiento Gallego». Estado meditado que lle valeu moitas emboiras, ás que engadimos a nosa.

### UN NOVO DRAMA GALEGO

No teatro «Jofre», de Ferrol, estrenouse derradeiramente un drama en verso, titulado «Brétemas», orixinal do poeta galego Nicolás García Pereira.

Ista nova obra do autor de «A Custureira» e «Nó de Salvo-cos», mereceu do público ferrolán unha garbosa acollida, pola que felicitamos cordialmente ó señor García Pereira.

### BROTÉRIA, Agosto-Setembro, 1932

Insere un traballo en col de *Fol-hore religioso*, de Luis Chaves. Val estudando o autor os diferentes puntos do Credo na literatura popular, ou sexa nas Cantigas e n-algunhas oracións en verso criadas polo pobo. Hai antr'elas, cousas sumamente curiosas e dignas d'estudo.

### REVISTA DE CULTURA, Río de Janeiro, Julho, 1932

Antenor Nascentes dá un anaco do seu *Dicionário Etimológico* no prelo, sobre *Etimologia de Igreja*, 'do gr. *ekklesia* poio lat. *ecclesia*) e estuda as opinións encontradas de Leite de Vasconcelos e G. Viana por unha banda, e João Ribeiro pola outra, en col da evolución fonética d'esta verba e das formas *igreja* e *igreja*. Coidan os primeiros que o i inicial da *igreja* ven por contracción do *ei*—inicial de *igreja*; o segundo pensa que o *ei*—inicial é posterior e formouse por influencia regresiva da segunda sílaba. Non se registra a forma coherente galega *airexa*.

### LA NOSTRA TERRA, Mallorca, Juny, 1932

Trai un artigo de Conrad Doménech, mestre nacional, en col de *El bilingüismo a l'Escola*. Propón o plan seguinte: a) dos 6 aos 8 anos, o ensino ha ser totalmente na lingua materna; b) dos 8 aos 10, en lingua materna tamén, mais incluíndo nos programas escolares vocabularios casteláns; c) dos 10 aos 12, en

lingua materna, reforzando os vocabularios e estudando a Gramática castelá, con exercicios combinados das dúas linguas e con conversas bilingües; d) dos 12 aos 14, totalmente en castelán, e perfeizando a Gramática da lingua materna.

### PUBRICACIÓ RECIBIDAS

- A nosa Terra*, Día de Galiza, 1932.  
*Logos*, boletín católico mensual, Pontevedra, n.º 18.  
*Broteria*, Lissas, Agosto e Setembro, 1932.  
*Portucala*, Porto, Janeiro-Febrero, 1932.  
*O Instituto*, Coimbra, 4.ª serie, volume 12.º, número 5.  
*A Aguiña*, Porto, Maio-Julho, 1932.  
*Revista de Guimarães*, Guimarães, Janeiro-Junho, 1932.  
*Saura Nova*, Seica o número 311.  
*Pensamento*, Órgão do Instituto de Cultura Socialista, Porto-Maio, 1932.  
*Arquivo Histórico de Madra*, Funchal, Junho, 1931.  
*Revista de Cultura*, Rio de Janeiro, Julho, 1932.  
*Bólos*, Coimbra, Novembro e Dezembro, 1931.  
*Eusko-Itaskuntza*, San Sebastián, 4.º trimestre.  
*La Nostre Terra*, Mallorca, Juny i July, 1932.  
*De, Carcassona*, Novembro-Dezembre, 1931.  
*An Ouled*, Carhaix, Cornouaille, 3.º Trimestre, 1932.  
*Boletín de la Sociedad Castellonense de Cultura*, Julio-Agosto, 1932.  
*El Matí*, Barcelona.  
*Esplai* (suplemento de *El Matí*), Barcelona.  
*Enskadi*, Bilbao.  
*Vanguardia Gallega*, Lugo.  
*Galicia*, Buenos Aires.  
*Correo de Galicia*, Buenos Aires.  
*Breiz Atao*, Rennes, 21, Aout, 1932.  
*La Bretagne Federale*, Rennes, Aout, 1932.  
*War Zae*.  
*Sociedad de Fomento de Porriño y su Distrito*, Boletín Oficial, Buenos Aires.  
*Celtiga*, Buenos Aires.  
*Acción Gallega*, Buenos Aires.  
*Ahora*, Madrid.  
*Estampa*, Madrid.

Imprenta NÓS. Hortas. 20. Santiago



## A hixiene nos nenos

é a garantía da súa saúde física e moral o día de mañá.

No diario aseo dos nenos emplee o **"Jabón Sales de la Toja"**, único que ás súas altas calidades meiciñás xunta toda a finura e perfume d'un xabón de tocador.

Contribúe ó perfecto desenvolvemento das criaturas e evita o perigo da escrófula e o raquitismo.

**JABÓN  
LA TOJA**  
UNICO EN EL MUNDO



O Xabrón da Toxa  
é o mellor.  
Honra á Galicia no  
mundo enteiro

MERQUE VOSTEDE  
**Plumeiros RAFIUM**

DE MÁIS DURA OC'OS DE PLUMA E LIMPAN MILLOR.  
VÉNDENSE EN TODOL OS ESTABRECEMENTOS DO RAMO.

ANDRÉS PERILLE --- OURENSE

**Sanatorio Quirúrgico de San Lorenzo**  
**Santiago de Galicia**



De los Profesores

**D. Fernando Alsina y D. Antonio M. de la Riva**

CIRUJANO

GINECÓLOGO

**FOTOGRAFADO**

Si quer qu-os seus fotografados sexan o mais perfeito posibles, convenlle envialos aos

**Talleres de fotografado ESPASA-CALPE S. A.**

Ríos Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

A sua biblioteca non será  
unha biblioteca galega,  
mentras non adequiera as  
obras editadas por

**NÓS**

PUBRICACIÓNS GALEGAS E IMPRENTA  
HORTAS, 20 SANTIAGO